

PRESENTACIÓN "CEN ILÍADAS" DE MARCELINO FERNÁNDEZ MALLO

MARÍA XOSÉ BRAVO

LIBRARÍA LUME. A CORUÑA. 6 MARZO 2026

Moi boa tarde amigas e amigos. Moitísimas grazas por estar aquí, por acompañarnos nunha tarde que transita entre o inverno e a primavera mais aquí temos acubillo nesta nova libraría que é tamén a Lume de sempre, aquí ao abeiro dos libros.

Sempre pensei que presentar unha novela de suspense ten un punto de funambulismo. Tes que camiñar pola corda frouxa: intrigar a quen te escoita, darlle os ingredientes precisos para que desexe devorar o libro, e ao mesmo tempo te conxuras para non contar nada importante. Nin un spoiler, nin un detalle que non deba coñecerse antes de ler a derradeira páxina.

Así que hoxe, para respectar ese pacto sagrado coas lectoras, non vou falar moito do argumento de Cen Ilíadas, algo si, mais non moito. O que vou facer é falarvos de literatura grega, de literatura rusa, do brillante momento que vive a nosa literatura galega e, tamén, das tebras e das trampas que habitan na psicoloxía humana.

Comecemos polo principio: o título. Cen Ilíadas. Hai algo que me gusta moito nel: non é un título neutro. É unha declaración de intencións. A Ilíada é a epopea fundacional da literatura occidental. Lembrades? A beleza que ten como transfundo a guerra, a fermosura e a traxedia dándose a man. Exércitos en desbandada, amigos que non o son tanto, esposas agardando, murallas que se esborrallan. Os asuntos que atravesan a Ilíada -a guerra e a gloria, a grandeza e a doxura, o medo e a beleza, a memoria e a morte- son o combustible que alimenta toda a literatura desde o inicio dos tempos.

E se cadra estádesvos preguntando: Titúlase CEN Ilíadas pero podería titularse CEN Odiseas? NON. A diferenza é sutil pero fundamental. A Odisea narra o regreso de Ulises, a restauración da orde, a volta ao fogar. A Ilíada é o conflito puro. A guerra sen redención posible. Marcelino escolleu a Ilíada, e iso xa nos está dicindo moito sobre o mundo que nos vai amosar.

Vivimos un momento extraordinario da novela negra galega. O que moitos xa chaman o Galaico *noir* ten uns nomes propios que son referencia absoluta: Diego Ameixeiras, Rosa Aneiros, Pedro Feijoo, Leticia Costas, Arantza Portabales... Autores e autoras que nos teñen enganchadas e que nos fan orgullosas da nosa literatura actual. Mais se vos fixades, gran parte desta novela negra galega transita por escenarios moi concretos e recoñecibles: as nosas rías, a néboa espesa, os segredos soterrados no rural,

os crimes do pasado que volven, a chuva constante sobre pedra vella. É un ecosistema propio, fermoso e efectivo.

E aí, xustamente aí, é onde Cen Iliadas, editada por Toxosoutos, resulta tan orixinal e tan valente. Marcelino Fernández Mallo racha con ese molde. Sácanos da aldea e métenos de cheo no mundo das altas finanzas, nas moquetas dos grandes despachos, nos comités de dirección de multinacionais. En Cen Iliadas a xungla non ten silveiras nin toxos: ten paredes de cristal, cadros de mando e contas de resultados. É o mundo do poder en maiúsculas, o desa xente que move os fíos, que queima as naves sen pestanexar, que derruba murallas cando lle convén sen sentir o máis mínimo remorso polos danos nin polas vítimas colaterais.

Isto non é un capricho estético. É que Marcelino coñece ese mundo desde dentro. Economista, autor do ensaio *The Wrong Manager* -destacado na Feira do Libro de Frankfurt e finalista ao mellor libro do ano sobre liderado-, sabe exactamente onde cortar para que doa.

O escenario é a delegación en España dunha multinacional sueca: Alí non hai guerreiros con espadas. Hai directivos en traxe e gravata, con sorrisos estupendos e coiteliños agochados para cravárnolos nas costas. É un ambiente de máxima desconfianza onde ninguén di exactamente o que pensa. E entón algo estoupa. Un directivo viaxa a Estocolmo e non chega ao destino. A súa muller recibe unha chamada... A partir dese momento, as fendas no cristal perfecto da multinacional comezan a esnaquizarse...

E aparece un novo personaxe en escena, o detective Lucas Pardo. Quero determe un momento en Lucas Pardo. Cando pensamos en detectives literarios vénsenos á cabeza automaticamente o Pepe Carvalho de Vázquez Montalbán: melancólico, desencantado, un pouco cínico, cunha relación complexa co mundo e até con el mesmo. Un detective galego que investiga en Barcelona pola néboa moral da cidade, non só pola xeografía.

Lucas Pardo comparte con Carvalho moitas cousas, os dous son galegos de nación, traballan en Barcelona e manteñen un inquebrantable sentido da ética. Mais Lucas Pardo é moito máis pragmático, máis analítico na súa forma de traballar. E ten lóxica: é o detective que fai falla para investigar crimes de colo branco. Porque nun mundo onde a pista non é unha cabicha no chan necesitas outro tipo de intelixencia.

Dicíavos ao comezo que iamos falar de psicoloxía, e iso porque Cen Iliadas non é só unha novela sobre quen premeu un gatillo. É sobre por que o fixo ou por que mandou facelo, que vén a ser o mesmo. E sobre todo como dorme polas noites despois de facelo. Fagamos aquí un pinchacarneiro para achegarnos á literatura rusa. Os personaxes das

novelas de Tolstoi teñen unha caracterización psicolóxica dificilmente igualada: son intensos, contraditorios, profundamente humanos. E os criminais, os que fan cousas terribles, nunca se ven a si mesmos como seres perversos. Sempre atopan una xustificación, sempre distorsionan a realidade para poder mirarse ao espello.

Na psicoloxía moderna isto ten un nome: o Efecto Tolstoi. A incapacidade para analizar obxectivamente as propias accións, buscar formas de evitar confrontar feitos negativos e manter así unha autoestima artificialmente alta. A capacidade de pensar «son boa persoa» mentres lle afundes a carreira a un compañeiro ou ordenas un asasinato. Marcelino traballa isto con bisturí. Tira dos seus propios ensaios sobre os erros dos directivos para construír algo que se chama «deshonestidade positiva»: a crenza de que é lícito alcanzar un bo fin empregando medios perversos -a extorsión, a chantaxe, a manipulación- se o resultado final o xustifica. É unha lóxica aterradora precisamente porque non a teñen os monstros: téñena persoas que van á misa os domingos.

E iso lévame á Hannah Arendt. No seu estudo sobre a banalidade do mal, Arendt reflexiona sobre como os grandes crimes non os cometen necesariamente os grandes monstros, senón persoas aparentemente normais que en algún momento deixaron de ver os demais como persoas. Que os converteron en medios. En obstáculos. Un non se converte en criminal por ter medo. Convértese en criminal no momento exacto en que comeza a ver os demais como estorbos a eliminar. E cando a ambición polo poder é suficientemente grande, ese salto dáse con abraiante facilidade. "A maior parte do mal é feito por persoas que nunca se decidiron a ser boas nin malas", dicía a pensadora alemá.

Hai algo que quero subliñar antes de pechar, porque creo que é importante para entender por que esta novela importa máis alá do entretemento -que xa é moito-. A novela negra sempre foi un xénero con conciencia de clase. Os mellores *thrillers* da historia da literatura non son só misterios: son radiografías da sociedade que os produce. Falan de poder, de desigualdade, de como a violencia dos de arriba raramente acaba en cárcere.

Marcelino sábeo. E usa a arquitectura do suspense para darnos a súa visión descarnada e lúcida dese mundo. Os personaxes de Cen Iliadas viven en gaiolas de ouro -automóbiles de luxo, xoias ostentosas, pinturas espléndidas colgadas das paredes, viños e licores exóticos -tamén caixas de Mar de Frades, que chiscadelas á galeguidade hai moitas na novela- pero, eses personaxes dicíamos, deixan tras de si regueiros de vítimas: carreiras destruídas, vidas rotas, e neste caso cadáveres. E o peor? Sen remorso ningún.

Porque a violencia estrutural dos grandes despachos ocúltase baixo mil capas de respectabilidade e redes de complicidade. Non berra. Non fai ruído. E precisamente por iso é tan perigosa.

Cando a novela negra deixa de ser incómoda, perde a súa utilidade. "A novela policial realista fala dun mundo no que os gánsteres poden gobernar nacións, e no que un home respectábel pode ser un asasino." Cen Iliadas é incómoda. E iso é un eloxio.